

BBVA: A GRAN MENTIRA DO SEU CÓDIGO DE CONDUTA

BBVA pasa a ser un banco vulgar, dos que copia as peores prácticas do sector.

O pasado mércores, o Banco comunicou a 14 persoas o despedimento disciplinario por “faltas moi graves de transgresión da boa fe contractual, abuso de confianza e de diminución continuada e voluntaria no rendemento do traballo”.

Foi unha acción intencionada e planificada por BBVA, xa que se produciron no mesmo día, co mesmo “modus operandi” e coas mesmas causas como argumento. Hai afectados e afectadas en todas as DTs, exclusivamente na Rede Comercial.

Ante estes feitos, **CCOO** denunciámos que:

- A orixe desta forma de actuar hai que buscalo na mediocridade dos Responsables da Entidade que, faltos de talento para o posto que desempeñan, non saben xestionar, e



por tanto, son incapaces de alcanzar as cifras de beneficios que xustifiquen os seus propios postos de traballo e as súas descomunais retribucións variables. Atacan para non ser atacados. Iso si, cargando sempre sobre o elo máis débil. Nin que eles fosen modelo de eficacia!!!

- Utilizaron a figura do despedimento disciplinario para evitar abrir expedientes deixando así en total indefensión a estes traballadores e traballadoras, que o único que fixeron é cumprir co seu traballo.

- Esta forma de proceder demostra o descoñecemento da dirección de BBVA das condicións de traballo que se dan na Rede Comercial, onde pretenden que a esixencia do

cumprimento de obxectivos sexa á conta do que sexa e de quen sexa, ignorando principios éticos elementais. Unha soberbia, prepotencia e escasa sensibilidade daqueles que non saben como dirixir ao persoal, cando as persoas que a compoñen unicamente dedícanse a facer as funcións que lles encomendaron con absoluta profesionalidade. E, no mentres tanto, RRHH baila ao son do que se lle ocorra a Banca Comercial.

- O verdadeiro obxectivo desta acción non vai destinado aos catorce compañeiros e compañeiras despedidas, senón ao resto do persoal que permanece na empresa. Tentan implantar un ambiente de temor e obediencia absoluta, contrario a calquera modelo laboral digno dunha empresa que alardea do que realmente carece.

CCOO incitamos a todas as persoas afectadas a que presenten as demandas correspondentes contra o Banco. A Asesoría Xurídica de **CCOO** está a disposición dos afiliados e afiliadas. Argumentaremos nos Tribunais que o Banco non leva razón, e que os despedimentos son inxustos. E, en consecuencia, esixiremos o reingreso na entidade destas persoas.

BBVA quixo impedir que o Sindicato estea informado, asesore, controle e vixíe que todo se fai segundo as normas legais, ademais de facer o seu correspondente informe contraditorio. Con todo, o Art. 55 ET di: *"Cando o afectado estea afiliado a un sindicato e este feito constáselle ao empresario, neste caso darase audiencia previa a Secc. Sindical correspondente"*. E segundo o Art. 10.2 L.O.L.S.: *"Nos despedimentos e sancións aos afiliados a un sindicato, existe o dereito para ser oídos os membros da Sección Sindical, previamente á adopción da medida sancionadora"*.

A lección que temos que aprender: **Estando afiliados a CCOO, estarás máis protexido.**

CCOO esiximos a Donna deAngelis, a José M^a Monge e a Cristina de Parias que, do mesmo xeito que nos felicitan en Nadal, tómense a molestia de explicar detalladamente ao persoal o sucedido, á que non se pode motivar desde o medo, con ameazas, presións, presentismo, cuartís, ránkings -sempre haberá primeiros e últimos-, etc.

Ponte en contacto cos delegados e delegadas de CCOO en BBVA ou en correo, bbvaccoo@servicios.ccoo.es, para calquera dúbida, consulta ou ameaza por parte dos teus responsables. Orientarémoste e asesoraremos nos pasos para seguir.

.....
Hoxe a afiliación é máis necesaria que nunca. AFÍLIATE.

Sí, quero afiliarme. Os meus datos son:

Nome:..... Apelidos:.....
Matrícula:..... DNI:.....
Clave Oficina:..... Oficina:.....Provincia:.....

- a) Por recibo trimestral na conta IBAN:
- b) Desconto mensual en nómina. Neste caso, envía correo a sae.es@grupobbva.com con copia a bbvaccoo@servicios.ccoo.es indicando: "Rogo procedan a partires da próxima nómina ao desconto da cuota de CCOO, ata noa orde".

Asina:

PROTECCIÓN DE DATOS:

De conformidad coa lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal, informámoste que os teus datos serán incorporados a un ficheiro de titularidade de CCOO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente segundo o lugar en que radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como -en todo caso- á C.S. CCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CCOO: <http://www.ccoo.e> (fai clic sobre "Coñece CCOO"). A finalidade do tratamento dos teus datos, por parte de todas elas, constitúe o mantemento da túa relación como afiliado/afiliada. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida ao C.S. CCOO Responsable de Protección de datos, R/Fernández de la Hoz, nº 12 -28010 Madrid. Deberás indicar sempre a referencia "Protección de Datos". Se tes algunha dúbida respecto diso podes remitir un correo electrónico a lpd@ccoo.es ou chamar ao teléfono 917028077.

.....
SEGUIMOS TRABALLANDO, SEGUIREMOS INFORMANDO

xuño de 2016

CCOO servicios bbva

Tel. 981 95 32 21 - 93 634 83 99 - bbvaccoo@servicios.ccoo.es
www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tabloiro sindical en espazo - www.ccoo-servicios.info
<https://www.facebook.com/ccoobbva> - <https://twitter.com/ccoobbva>
adherida á **unión network international**